

## Resolución reitoral pola que se convocan bolsas para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado das titulacións do Campus Auga da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026.

O estudiantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

As prácticas ofertadas deben ter un carácter formativo e cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como na normativa interna da Universidade de Vigo.

Con data do 08/02/2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia a *Resolución do 31 de xaneiro de 2024 pola que se acredita o Campus Auga como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia*. Con data 13/06/2024 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Uvigo subscriben o protocolo que servirá para verificar o cumprimento das condicións de acreditación do Campus da Auga e entre as actuacións previstas atópase a convocatoria de bolsas "Prácticas académicas externas do estudiantado das titulacións do Campus da Auga".

A presente convocatoria está prevista no plan de subvencións da Universidade de Vigo para o ano 2026.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade*,

### ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para a realización de prácticas académicas externas, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de se publicar, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Ourense, na data da sinatura electrónica  
O reitor  
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
O vicerreitor do Campus de Ourense  
Francisco Javier Rodríguez Rajo



## ANEXO I

### BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DAS TITULACIÓNS DO CAMPUS AUGA

#### 1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria será potenciar a empregabilidade do estudantado das titulacións do Campus Auga, a través das prácticas remuneradas en empresas.

#### 2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderán solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na Universidade de Vigo no curso 2025/2026 en titulacións do Campus Auga:
  - Máster en Nutrición
  - Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental
  - Máster en Sistemas Aéreos No Tripulados
  - Máster en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde
  - Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
  - Grao en Enxeñería Agraria
  - Grao en Ciencias Ambientais
  - Grao en Enxeñería Aeroespacial
  - Grao en Administración e Dirección de Empresas
  - Grao en Turismo
  - Grao en Intelixencia Artificial
  - Grao en Dereito
  - Programa de simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de empresas e Grao en Dereito
  - Programa de simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia
  - Programa de simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e en Enxeñería Informática
- b) No caso dos estudos de grao, ter superados o **50% dos créditos** do plan de estudos, no curso 2024/2025.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

#### 3. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa será incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, será incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período.



#### 4. CARACTERÍSTICAS DAS PRÁCTICAS

1. Consistirá na realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares.
2. As persoas beneficiarias estarán baixo a titoría das persoas da Universidade e da empresa que se designen no momento de formalización da práctica, que se responsabilizarán da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento da axuda.
3. O contido do plan formativo das prácticas externas será o que, de común acordo entre os titores académicos e de empresa, se estableza para cada beneficiario/a e deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver, considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que debe adquirir o/a estudante durante o período de prácticas.
5. As prácticas estarán suxeitas ao establecido na normativa de prácticas da Universidade.

#### 5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS

1. O período de prácticas terá unha duración entre 2 e 3 meses, e poderán desenvolverse dende o día seguinte á publicación da adxudicación e ata o **30 de setembro de 2026**.

No caso de estudantado que finaliza os estudos deberá rematar as prácticas antes da presentación da solicitude de título e en todo caso antes do **31 de agosto de 2026**.

2. A dedicación será de 25 horas semanais das que, cando sexa necesario, poderán desenvolverse con carácter non presencial un máximo do 30% da dedicación semanal.
3. O disfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación*.
4. As persoas bolseiras non adquirirán ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non suporá ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da universidade.

#### 6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas irán con cargo a aplicación orzamentaria 2026 AUGA 121D 482.11 cun importe orzamentario máximo de 14.000 euros (13.750 euros pola dotación bruta das bolsas e 250 euros en concepto de cota patronal) para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
2. A contía individual será como máximo de **600€/mes**. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.
3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante transferencia á conta bancaria en España que sinala o/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só se aboará a contía proporcional de bolsa



correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días; en caso contrario non se percibirá axuda algunha.

Se a actividade desenvolva pola persoa bolseira en cada mes non se corresponda coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarao á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificalo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

## 7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o formulario en liña no seguinte enlace da Secretaría virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index/> **Bolsa prácticas Campus Auga”**

No caso do estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia deberá presentar certificado expedido polo órgano competente da comunidade autónoma.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (*art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte de publicarse esta convocatoria e remata o **12 de marzo de 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

## 8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o formulario de alegacións na secretaria virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de acordo coa seguinte puntuación e prioridade:

a) NOTA MEDIA:

1. No caso de estudos de grao ou continuación de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo o Real decreto 1125/2003.
2. Nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de máster universitario.
3. Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, sumaráselle dous puntos a súa nota media.



- b) Ao estudiantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa do MEFPAIS VASCO ou axudas propias da Uvigo no curso 2024/2025, sumaráselle un punto adicional.

En todo caso, terá prioridade o estudiantado de máster universitario.

A comisión de selección está composta por:

Presidente: Roberto Ignacio Fernández López, presidente do Comité de Dirección do Campus Auga.

Vogais: Mónica Siota Álvarez, vogal da área de docencia do Comité de Dirección do Campus Auga  
Roberto Villar López, secretario do Comité de Dirección do Campus Auga

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non podendo asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria, no caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas convocadas aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á vicerreitoría do Campus de Ourense sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

3. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará **a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual.

4. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta ao vicerreitor do Campus de Ourense quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

**A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o

Páxina 5



mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

5. As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previsto no artigo 45 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas con bolsa concedida deberán aceptar a bolsa no prazo de cinco días dende o seguinte ao da publicación de adxudicación, utilizando o formulario existente na secretaría virtual para tal efecto ([formulario aceptación](#)).

A non aceptación entenderase como renuncia á bolsa previa resolución coa conseguinte perda de dereito de cobro e concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

A persoa bolseira presentarse na entidade colaboradora no lugar, día e hora que lle indique a Área de Emprego e Emprendemento mediante comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na Secretaría Virtual ([formulario renuncia](#)) e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 5 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

## 10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

- a) Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- b) Contemplan, no caso de desenvolvemento da práctica, ás obrigas recollidas en relación aos estudantes en prácticas no *Real decreto 592/2014, de 11 de xullo*, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como as que se establecen neste mesmo sentido no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.
- c) Cumprir o contidos do plan formativo seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade participante, baixo a supervisión da persoa da universidade que exerza como titora académica. Así mesmo, deberán manter contacto coa titora académica e comunicarlle calquera incidencia que exista durante o desenvolvemento da práctica.
- d) Incorporarse na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto educativo e



respectando as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.

e) Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa ([enlace memoria](#)). Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

f) Comunicar á Sección de Axudas e Bolsas a obtención de axudas da mesma natureza e finalidade.

Ademais, a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

### 11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e de perda do dereito ao cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas estará obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida

### 12. COORDINACIÓN DO PROGRAMA

A Área de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa no tocante á realización das prácticas.

As persoas participantes poderán dirixir a [emprego@uvigo.es](mailto:emprego@uvigo.es) as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa así como asesoramento para a busca de entidade na que realizará as prácticas.

### 13. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente vulgare que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.



#### 14. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)

